

POSICIÓN DA CÁMARA

- frontal ou neutro: É o normal. A cámara á mesma altura que a personaxe. Non transmite información.



- cenital: xusto enriba do personaxe. Ten varios significados. Fai vulnerable á personaxe e tamén fai que pareza observado dende fóra, como se fose mirado por Deus. Este plano non o ides usar, salvo que teñades un dron ou unha grúa.



- picado: A cámara está un pouco por enriba da personaxe, á que fai vulnerable.



-contrapicado: cámara está un pouco por debaixo da personaxe, á que ensalza ou fai ameazante.



- Nadir: a cámara sitúase totalmente por baixo do obxecto ou actor, con ángulo perpendicular ao chan. Utilízase tanto a nivel estético como para inferir á escena moito máis dinamismo e dramatismo.



- Escorzo: É o tipo de plano é o que se adoita utilizar para gravar conversacións entre dúas persoas. Consta de dous elementos: primeiro, a parte de atrás da cabeza ou corpo da persoa que escoita. E segundo, a persoa que fala, a cal a temos de fronte.



- Dorsal: vemos a alguén completamente desde atrás. É dicir, non lle vemos a cara e non podemos ver a súa expresión, polo que é máis inquietante e xera máis misterio que se

o vemos de fronte. Isto fai que a imaxinación do espectador teña que participar na construción desa imaxe.



Tamén é o típico do asasino. Inhere ao espectador o poder de ver ao actor pero el non nos ve.



- Perfil: Coñécese tamén como plano lateral. Simplemente trátase de colocar a cámara nun lateral do suxeito, mostrándoo de perfil. Este tipo de ángulo ás veces pode transmitir desconfianza, porque só vemos unha das caras do personaxe.



- Subxectivo: a cámara móstranos o punto de vista dunha personaxe. É dicir, vemos o que ven os seus ollos en primeira persoa. Fan que o espectador se identifique con esa personaxe.



- Recurso: cando se quere dar máis dinamismo e faise un insiro doutro plano. Por exemplo, en entrevistas que adoitan ser moi estáticas, adóitanse facer planos insertos de mans, detalles da habitación do entrevistado... E colócase deixando o audio do plano anterior.